



Multilingüismo á europea: integrar contidos

Ata hai pouco tempo, as linguas só estaban ao alcance dunha elite, pero as cousas cambiaron. Hoxe 'as linguas abren portas', como rezaba o lema do Ano Europeo das Linguas, 2001. No contexto actual de crecente mundialización tamén son importantes para construír un futuro profesional. A Estratexia Europea cara ao Multilingüismo contén unha proposta educativa que inclúe o enfoque transdisciplinar, bilingüe, é dicir, o Enfoque Integrado de Contidos e Linguas (EICLE) (en inglés, Content and Language Integrated Learning, Content-Based Teaching, Integrated Content and Learning).

Carmen Pérez Vidal

Universitat Pompeu Fabra (Barcelona)
carmen.perez@upf.edu

Palabras clave


Multilingüismo, competencia lingüística, enfoque integrado, linguas minorizadas, interacción.

As políticas lingüísticas europeas dos anos 90, concretadas no Plan de acción cara ao multilingüismo, asignáronlle un papel central á educación, como reflicte o Libro Branco da Educación e a Aprendizaxe (Comisión, 1995). A escola concibiase xa nese documento como un dos axentes sociais con maior capacidade para garantir a competencia lingüística da poboación. Por outra banda, o desenvolvemento das políticas educativas nos países membros, vanlle outorgando un papel importante á

relación entre linguas e empresa, ou, de forma máis global, á relación entre linguas e cultura. Todo isto fai que os discursos elaborados arredor das linguas sexan cada vez máis ricos (véxase o Informe ELAN 2007 e Comisión, 2008, respectivamente).

A política do multilingüismo: un obxectivo europeo

As recomendacións europeas máis específicas en materia de linguas



encádranse nunha estratexia cara ao multilingüismo. Unha idea que foi materializándose a medida que se ían integrando novos países na Unión, e grazas ao traballo de innumerables proxectos e comisións. O traballo desenvolto neste campo pode precisarse nunha serie de obxectivos e principios, e nunha folla de ruta para a planificación lingüística escolar dos estados (Comisión, 2003).

Os obxectivos

En canto aos obxectivos, trátase de garantir a educación multilingüe de maneira que a cidadanía poida ser usuaria competente de dúas linguas estranxeiras (a fórmula 1+2 do Libro Branco). Isto permite, na súa dimensión política, que sexa posible a mobilidade de estudantes e traballadores, subscrita nos acordos de Schengen. Ao mesmo tempo prefigura un horizonte no que as linguas e as culturas que as sustentan se preservan como un activo, como unha riqueza da construción europea. Por esa razón, outro dos lemas do Ano das Linguas foi “Europa será multilingüe ou non será”, o que dá a entender a centralidade das linguas no proxecto europeo.

Os principios

En relación cos principios, pódense listar tres de diferente natureza: un estratéxico, outro pedagóxico, e un terceiro curricular.

O estratéxico consiste en que, non só se ten que garantir o coñecemento do inglés, é dicir, non ao “only English tendency”. Tense en conta tamén que, aínda que o inglés é a lingua internacional por excelencia e requisito indispensable hoxe en día, é necesario ou aconsellable, coñecer outras linguas, que poderían ser algunha das seguintes:

- A dos países veciños.
- Unha lingua con tradición académica e docente no noso país.
- A das comunidades que exercitan a mobilidade cara ao noso propio país.
- Unha das que se falan no noso país.
- Unha lingua ‘adoptada’ coa que temos unha motivación persoal especial (véxase Comisión, 2008).

O segundo principio, de natureza pedagóxica, concétnase nunha visión da competencia lingüística, non baseada en modelos nativos. Que quere dicir isto? Falaremos das competencias parciais, talvez para a segunda das linguas estranxeiras da fórmula 1+2. Se ben a opción da primeira lingua estranxeira, que claramente se prefigura como o inglés, pode satisfacer obxectivos máis altos, polas horas que se lle dedican no programa, a segunda lingua estranxeira, e quizais a terceira, podería basearse en obxectivos de menor envergadura.

Isto é, pedagoxicamente parece conveniente considerar as necesidades

lingüísticas reais, e deseñar programas de linguas estranxeiras con obxectivos de competencias parciais. Darémolle tanta importancia a unha competencia parcial, en graos ou en habilidades, como a unha competencia que se pretende de nivel alto, cada unha no seu lugar. Por exemplo, poderíamos establecer programas de linguas estranxeiras cun obxectivo de comprensión receptiva. Sería o caso do italiano, que logo podemos ler os que somos falantes de español. De igual maneira se poderían deseñar programas enfocados a coñecer terminoloxía específica, programas ou materias cun horizonte profesionalizador, ou mesmo, para o desenvolvemento da competencia para a comunicación cotiá e non académica nalgunha outra lingua.

Por último, o principio curricular centra a súa estratexia nun multilingüismo que prima o ensino temperán. Agora ben, pártese da base de que os programas educativos hai que deseñalos atendendo a tres factores clave: horas e temporización do programa, metodoloxía e atención ás diferenzas individuais. Este último aspecto debe ter como centro de atención a idade, a capacidade e uso da memoria, a aptitude, a motivación e as estratexias de aprendizaxe. Salientaremos aquí unha cuestión: a relación entre as horas e a temporización do programa, e o factor individual por excelencia, isto é, a idade. Un programa con obxectivos globais deberá deseñarse cun número



substantial de horas de exposición e uso da lingua, e coa intensidade axeitada para que o inicio temperán teña realmente efecto. De non facelo así, os resultados poderán ser desalentadores. É evidente que moitos dos nosos programas non contan co número de horas suficiente e coa intensidade adecuada, pero o feito de programar, aínda que só sexa unha materia EICLE, permite aumentar inmediatamente nun 100% as horas e duplicar a intensidade.

A folla de ruta

A folla de ruta para os programas educativos escolares concretaríase nos seguintes termos:

- Adquisición temperá dunha segunda lingua na educación infantil.
- Ensinanza intensiva e transdisciplinar desta segunda lingua na escola primaria.
- Ensinanza intensiva e transdisciplinar de, polo menos, unha terceira lingua na escola secundaria.
- Ensinanza universitaria interdisciplinar con mobilidade internacional.

A ensinanza integrada de contidos e linguas

O enfoque integrado implica que os contidos curriculares de materias, como a Historia, a Xeografía ou as Matemáticas se ensinen a través dunha lingua que non

é a que o alumnado domina ou ten como propia. É dicir, ensínase unha materia a través dunha segunda lingua ou dunha lingua estranxeira.

Os programas de recuperación de linguas minorizadas, como é o caso do galego, o vasco e o catalán, representaron experiencias específicas da dita perspectiva (Pérez-Vidal, 2001). Estas iniciativas, que xa puideron contar coas leccións que proporcionaban anteriores programas de inmersión, baseados en contidos, coma os de Canadá e os de América do Norte deben servírnos de guía no momento de enfrontarnos a unha perspectiva similar para as linguas estranxeiras.

Finlandia, Alemaña, Italia, Francia, Portugal, Grecia, Holanda, Europa Central, e, case a totalidade dos países europeos, iniciaron experiencias en todos os niveis educativos, sexa a proposta das administracións ou como iniciativas das escolas, asociacións de familias ou municipios. No noso país, foron as diferentes autonomías con competencias en educación as que emprenderon o camiño, provéndose a miúdo de plans propios, coherentes e completos, como é o caso de Andalucía, ou ben de programas singulares de seccións europeas, ou bilingües.

Non obstante, as características esenciais que diferencian o EICLE aplicado ás linguas estranxeiras son dúas. A primeira é que ten un valor educativo de múltiples facetas; a segunda, que goza de grande solidez en relación coa aprendizaxe das linguas. Isto é o que denominamos dimensións do EICLE (Pérez-Vidal, 2008b) e que pasamos a resumir.

Dimensión socioeducativa

O EICLE é un instrumento que serve para fomentar a riqueza lingüística, por medio da mobilidade no Espazo Europeo. É o caso dos programas Comenius e Leonardo, dos que tantas escolas e

O multilingüismo, Europa e a mobilidade están asociadas nun círculo virtuoso que dá sentido social á educación, e que está unido pola lingua

escolares se teñen beneficiado, e o Sócrates Erasmus na universidade. Esas tres circunstancias, o multilingüismo, Europa e a mobilidade, están asociadas nun círculo virtuoso, unido pola lingua, que dá sentido social á educación.

Pode explicarse do seguinte modo: o novo cidadán ou cidadá multilingüe ten que formarse cara ás linguas, dende a escola e coa motivación e actitudes axeitadas. Todo para que se conciba como falante de diversas linguas, e para que sexa quen de empregalas nos contextos que as requiran. Iso poderá experimentalalo nas visitas que faga ao estranxeiro, ou en encontros con falantes das ditas linguas no seu propio contexto. Falamos de dous conceptos algo distintos: un moi ao uso, a internacionalización; e outro, posiblemente novo, a “internacionalización na casa” (IeC). Este último, refírese ás experiencias internacionais na nosa propia realidade, como resultado da mobilidade “cara a dentro”. Sería o caso do alumnado que, temporalmente ou de forma permanente, se integra nun centro con novas linguas e culturas, cando unha poboación visita a nosa cidade, ou cando os alumnos e as alumnas entran en contacto con outras culturas a través de calquera medio real ou virtual. Finalmente, a docencia por medio doutras linguas, é dicir, EICLE.

O novo cidadán multilingüe ten que formarse cara ás linguas, dende a escola e cunha motivación e actitudes axeitadas

Dimensión lingüística e psicolingüística

Os enfoques comunicativos para a ensinanza das linguas priman a interacción na aula baseada no significado, non na atención á forma e á gramática. Pártese da idea de que as linguas se adquiren en interacción. O EICLE é o enfoque comunicativo por excelencia. Neste caso, o que se comunica, o contido curricular, convértese en centro de interese e obxectivo primeiro da actividade de aula. As experiencias en Canadá e os Estados Unidos amosan que o alumnado de contextos de inmersión peca de problemas de 'corrección' gramatical e de habilidade pragmática. A proposta EICLE que se está elaborando, apunta cara á conveniencia de xuntar o enfoque comunicativo cunha preocupación pola forma (Pérez-Vidal, 2008a). Non se trata de substituír o traballo que se fai na aula de lingua, senón de atender aos aspectos lingüísticos que a aula EICLE require, talvez de tipo discursivo e de rexistro, de forma integrada co resto da clase, ou con traballo autónomo en paralelo.

Dimensión cognitiva e dos contidos

O EICLE integra contidos e lingua. O seu impacto na competencia curricular específica e na aprendizaxe de contidos comezou a analizala Coyle, no ano 2000. A pesar da innegable dificultade de aprender o vocabulario específico dunha materia, e de saber acometer tarefas académicas nunha lingua estranxeira, os resultados desas análises apuntan a que o enfoque redundante de forma beneficiosa nos seguintes aspectos:

- O ritmo da clase descende, o que permite pensar máis serenamente e

abundar nun pensamento máis fondo.

- A importancia que se lle dá á interacción na aula favorece a elaboración de pensamento, pois moitas das tarefas fanse en parellas ou en grupo.
- A expresión e discusión de ideas supón elaboralas, aclaralas, discutilas e negocialas.
- A dificultade intrínseca outorga importancia ás estratexias de aprendizaxe. Neste caso, o docente vese na obriga de pensar no modo de axudar ao desenvolvemento e uso das devanditas estratexias.

Dito doutro xeito, requírese un maior esforzo para 'didactizar' as clases e compensar a dificultade lingüística. Para emprender a dita "didactización" postúlase unha progresión da dificultade, pasar do abstracto ao concreto, do contextualizado ao descontextualizado, o que debe reflectirse nos materiais.

En AICLE o ritmo da clase descende, o que permite pensar máis serenamente e iso redundante nun pensamento máis profundo

Conclusiones

Ao longo do artigo amosamos a riqueza dun enfoque que integra contidos e lingua, o contexto no que se encadra, e as súas dimensións e valores. Destacamos os beneficios e apuntamos as dificultades. Quedarían sen mencionar directamente os axentes centrais de todo este esforzo innovador: os profesores. A nova realidade das aulas esixe que, tanto o profesorado de linguas coma o de contidos, estea implicado nos novos programas, cada un con retos diferentes. Un programa que debe prepararse axeitadamente, con antelación e de forma coordinada, para lograr que responda a un proxecto integral de toda a escola. A sociedade e as familias necesitan.

Bibliografía

BAETENS BEADSMORE, H. (1993) *European models of bilingual education*. Clevedon, Multilingual Matters.

Commission of the European Communities (1995) *Teaching and Learning: Towards a learning Society*. 449 *White Paper on Education and Learning*. Brussels, DGV.

Commission of the European Communities (2003) 590 *Promoting language learning and linguistic diversity: An action plan 2004-2006*. Brussels.

Commission of the European Communities (2008) *A rewarding challenge. How the multiplicity of languages could strengthen Europe*. Group of Intellectuals for Intercultural Dialogue chaired by Mr. Amin Maalouf.

PÉREZ VIDAL, C. (2001) "Multilingual Education: Problems and solutions in Catalonia" (31-57). VAN DE CRAEN, P. - PÉREZ-VIDAL, C. (Eds.) *The Multilingual Challenge/Le défi Multilingue Final Report 2000*. Barcelona, European Commission-Pompeu Fabra University.

PÉREZ-VIDAL, C. (2008a) "The need for focus on form in content and language integrated approaches: an exploratory study". *Modelos y Prácticas*. En LORENZO, F., CASAL, S., DE ALBA, V. e MOORE, P. (Eds). Eicle. Murcia, RESLA.

PÉREZ-VIDAL, C. (2008b) "El Enfoque Integrado de Contenidos y Lengua en Europa". *Aula de Innovación Educativa* (168) 7-17.

PÉREZ-VIDAL, C. e ESCOBAR URMENETA, C. (2002) "Spain". *Modern Languages Across the Curriculum*. Ed. M. Grenfell. London, Routledge.

PÉREZ-VIDAL, C., JUAN GARAU, M. e BEL, A. (2008c) "Issues in the acquisition of two or more languages in multilingual environments" (19-35). En PÉREZ-VIDAL, C., JUAN GARAU, M. e BEL, A. *A portrait of the young in the new multilingual Spain*. Clevedon, Multilingual Matters.